

A reunión foi de presentación por parte do Subsecretario á representación sindical. Aínda así, a CIG trasladoulle as seguintes preocupacións sobre a situación no Ministerio e no conxunto do persoal das Administracións públicas:

Posicionamento ante a negociación dunha suba salarial.

A primeira cuestión que expuxemos foi o noso profundo desacordo coa estratexia de negociación levada a cabo pola Secretaría de Estado de Función Pública, en relación coa suba retributiva do persoal das administracións públicas.

Desviación da legalidade. Denunciamos que o Goberno central incumpre abertamente o establecido no Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP). O seu artigo 37 establece que as materias obxecto de negociación como as retribucións, deben ser negociadas. O artigo 36.1 establece ademais, que estas negociacións deben realizarse na Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas, onde a CIG ten a súa lexítima representación.

O Goberno prefere chegar a acordos pola porta de atrás cos sindicatos “pactistas” que non defenden unha suba de salarios real e efectiva para o conxunto das traballadoras e traballadores.

Esta estratexia **baleira de contido efectivo** o espazo de negociación colectiva, ademais de primar abiertamente unha visión españolista, que non amosa o debido respecto polas nacións que conforman o Estado. Deste xeito, marxínase a representación sindical que non comparte esta visión centralista e non está disposta a asinar calquera acordo que non garanta unha suba real dos salarios con compromiso de mantemento do poder adquisitivo.

Propostas sobre retribucións e financiamento.

Consideramos esencial negociar a elaboración dunha **instrución** que regule a asignación da **produtividade** con criterios obxectivos, medibles e transparentes. Ademais, debe aplicarse o establecido no artigo 23 da Lei 30/84 e os criterios do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, sobre a **publicidade** do complemento de produtividade con información nominativa.

Orzamentos. Solicitamos buscar vías máis áxiles e efectivas para paliar as consecuencias derivadas de non contar con novos orzamentos Xerais do Estado. Esta situación está a afectar directamente aos recoñecementos médicos, a Acción Social...

Problemas de provisión de postos e Xestión do persoal

Advertimos sobre o uso ilegal de nomeamentos provisionais. Denunciamos o uso destes nomeamentos, unha figura que non ten soporte legal, para cubrir determinados postos vacantes no Ministerio ou usala como traslados encubertos.

Sobre a situación en **SETELECO** manifestamos o seguinte:

- É inaceptable que se tarde máis de 2 anos en convocar concursos. Tamén puxemos de manifesto a gravidade de que por exemplo, no último concurso xeral resolto quedaron desertos o 55,5 % dos postos convocados.
- Sinalamos que o perfil requerido nas prazas técnicas non está axustado ás necesidades reais existentes.

- Xubilacións. Nos próximos anos vai haber un número importante de xubilacións, o que agravará a situación de falta de persoal.
- Externalizacións. Rexeitamos a contratación de persoal externo en vez de dotar ao organismo de personal propio. Parece que hai cartos para contratar con empresas pero non para incorporar persoal funcionario.
- Designacións irregulares. As designacións que se lles están a realizar a compañeiras/os en calidade de asesoras técnicas para a IGAE non se axustan á normativa vixente. Deberían ser funcionarios da especialidade de Enxeñería de Telecomunicacións, un corpo que a día de hoxe non existe.
- Propuxemos a creación dun Corpo específico de Enxeñería de Telecomunicacións para solucionar estes problemas de forma estrutural.